

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 29 de setembro), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PROFESORES**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme ao establecido no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **tres mestres**, dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar. Os outros tres representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2016.
- 2.- O censo electoral de mestres está exposto a partir do 2 de novembro no taboleiro de anuncios da sala de profesores do Centro.
- 3.- As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día 4 de novembro ata ás 14:00 h do día 11 de novembro.
- 4.- A mesa electoral estará formada pola Directora do Centro, que actuará como presidenta, e as profesoras de maior e menor idade, actuando esta última de secretaria.
- 5.- Cada profesor/a fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **dous nomes** da lista de candidatos.
- 6.- O voto será directo, secreto e non delegable.
- 7.- Para dar cumprimento o artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes dos profesores no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convocase Claustro de Profesores, a tales efectos, para o día **15 de novembro, ás 14:00 horas**.
- 8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Narón , 3 de novembro de 2021

A DIRECTORA DO CENTRO E PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL

Asdo.: Ana Ayala Rodríguez

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 29 de setembro), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS/AS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **dous pais/nais**, dun total de catro que debe ter o Consello Escolar. Os outros dous representantes de pais continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2016.
- 2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do 4 novembro (publicado na paxina do colexio) que está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 10 de novembro.
- 3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Administración do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas dende o 4 ata as 14:00h do 11 de novembro.
- 4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos, o día 15 de novembro, ás 12:00 horas. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.
- 5.- A campaña electoral comprenderá dende o 17 ao 21 de novembro, ambos os dous días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición a presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio. O día 21 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
- 6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores/as legais dos alumnos matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.
- 7.- As votacións realizaranse neste Colexio Público o **día 22 de novembro, de 16:00 a 18:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 16:00 horas.
- 8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo **dun nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.
- 9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o/a titor/a legal dos alumnos.
- 10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
- 11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Narón, 3 de novembro de 2021

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,
Asdo: Ana Ayala Rodríguez